

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

RUEIR@S DE VERÁN 2024

INFORMACIÓN XERAL

O Concello de Ponte deume un ano máis, ofrece as familias eumesas o espazo de conciliación da vida persoal, familiar e laboral RUEIR@S de verán co obxectivo de favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral destas, así como, o dereito ao xogo e a socialización das nenas e nenos.

Este espazo de conciliación desenvolverase durante os meses de xuño, xullo e agosto de luns a venres excepto festivos, nas instalacións do CEIP COUCEIRO FREIJOMIL, para o seu desenvolvemento esta actividade conta coa colaboración da Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia mediante a concesión dunha axuda dentro do PROGRAMA DO PLAN CORRESPONSABLES no ámbito local 2024 (SI436A).

PRAZOS E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR:

O campamento urbano RUEIR@S de verán 2024 só se levará a cabo de cubrirse un mínimo de 15 persoas participantes das prazas ofertadas para cada quenda. Terase en conta:

Duración do campamento: do 24 de xuño ata o 31 de agosto excepto sábados, domingos e festivos

Preinscrición:

Do 27 maio ao 10 de xuño: Solicitude debidamente cuberta e con rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello, declaración responsable segundo modelo correspondente, folla asinada de protección de información sobre protección de datos de actividades de ocio, cultura e deportes- menores de idade

Sorteo: 14 de xuño ás 10:00 h. Na Casa do Concello

Publicación de listaxes: 19 de xuño no taboleiro de anuncios municipal

Pagamento: 24 ao 30 de xuño pagamento na conta do Concello de Ponte deume

Unha vez publicada a listaxe de persoas participantes na actividade deberán achegar a seguinte documentación: unha fotografía tamaño carné co nome da nena/neno no dorso, copia da tarxeta sanitaria (no caso de mutualidades ou outros seguros privados, fotocopia da tarxeta sanitaria e do cadro de médicas/médicos e de centros de referencia na zona), xustificante de pagamento da cota establecida (no caso de non elixir a domiciliación bancaria)

- Cada unha das fases ten uns prazos e unha achega de documentación concreta.
- Esta documentación achegarase por medios telemáticos a través da sede electrónica:
 - [https:// sede.pontedeume.gal/](https://sede.pontedeume.gal/)
 - Ou de forma presencial.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

No caso de que a demanda supere o número de prazas ofertado (100 por quenda), a adxudicación priorizará criterios familiares e laborais para a adxudicación das prazas, no último caso realizaríase sorteo público. A formalización da matrícula realizarase no prazo establecido e unha vez formalizada a preinscrición e obtida a praza.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

Situación Laboral e persoal das familias: entenderase por tal a situación na que falta dispoñibilidade por parte das persoas proxenitoras ou representantes legais das e dos menores para atendelas/os persoalmente, segundo os seguintes supostos:

Ambas persoas proxenitoras con empregos e horarios laborais coincidentes co horario de RUEIR@S	10 puntos
Unha/Un deles ten emprego e a outra persoa adicase exclusivamente as responsabilidades familiares	0 puntos
Unha/Un deles ten emprego e a outra persoa está desempregada participando en cursos de formación profesional regrada ou formación para o emprego durante os días que dura e con horarios coincidentes co campamento urbano	10 puntos
Familia monoparental empregada/empregado o realizando formación profesional regrada ou formación para o emprego durante os días que dura e con horarios coincidentes co campamento urbano	10 puntos



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

FICHA DE INSCRICIÓN

2024

SOLICITUDE INSCRICIÓN NO SERVIZO DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL

/RUEIR@S DE VERÁN 2024

DATOS DA NENA/NENO

NOME	APELIDOS		
DATA DE NACEMENTO:		IDADE	
<p>Datos de interese sobre a nena/neno para o bo funcionamento do servizo: alerxias, intolerancias alimentarias ou calquera circunstancia que considere:</p>			

DATOS DO NAI, PAI OU TITOR LEGAL

NIF/NIE	APELIDOS		NOME	
ENDEREZO		LOCALIDADE	PROVINCIA	C.P
CORREO ELECTRÓNICO			TELÉFONO DE CONTACTO	

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

APELIDOS E NOME (INCLUÍDA A PERSOA SOLICITANTE)	NIF/NIE	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACIÓN LABORAL



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<p>SERVIZOS SOLICITADOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • <input type="checkbox"/> XUÑO <input type="checkbox"/> Do 24 ao 28 . Prezo 18,90 € • <input type="checkbox"/> XULLO <input type="checkbox"/> 1ª QUENDA 1 ao 15 . Prezo 41,58 € <input type="checkbox"/> 2ª QUENDA 16 ao 31 . Prezo 41,58 € • <input type="checkbox"/> AGOSTO <input type="checkbox"/> 1ª QUENDA 1 ao 14 . Prezo 37,80 € <input type="checkbox"/> 2ª QUENDA do 16 ao 30.. Prezo 45,36 € <p>Prezos e bonificacións: Ordenanza número 31, reguladora do prezo público pola participación no campamento urbano de verán”</p>	<p>SERVIZOS :</p> <p><input type="checkbox"/> 8:30 a 10:00 h.</p> <p><input type="checkbox"/> 14:00 a 15:30 h.</p>
--	---

A ingresar no seguinte nº de conta do Concello de Ponte deume

ABANCA ES69 2080 5164 1130 4000 2457

CAIXABANK ES08 2100 5486 5702 0002 9989

DOCUMENTACIÓN A ADXUNTAR (ao formalizar a inscrición):

- Fotocopia DNI da persoa participante ou libro de familia
- Fotocopia cartilla de la seguridade social
- Unha fotografía
- En caso de solicitar algunha das bonificacións : (1) título de familia numerosa; (2) certificado emitido pola Consellería de Política Social; (3) informe dos Servizos sociais municipais; (4) certificados emitidos polo Servizo Público de Emprego; (5) Consellería de Política Social ou INSS segundo corresponda





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dona/Don

Nai/pai, Titora/titor da/do menor pendente de matrícula, con NIF

teléfono Enderezo

Enderezo electrónico

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

- No seu propio nome e dereito, con coñecemento dos delitos nos que poida incurrir por falsidade:

SITUACIÓN LABORAL	SI/NON
Ambos proxenitores teñen horarios laborais que coinciden cos horarios de RUEIR@S verán 2024	
Unha/Un dos proxenitores adicase exclusivamente as responsabilidades familiares ou é pensionista	
Unha/Un dos proxenitores ten emprego a outra ou o outro está en situación de desemprego ou participando en cursos de formación profesional regrada ou formación para o emprego durante os días que dura o campamento urbano e no seu horario	
Familia monoparental, empregada ou empregado ou realizando formación profesional regrada ou formación para o emprego durante os días que dura o campamento urbano e no seu horario	

Relación de menores para os que solicita a participación:

NOME E APELIDOS	DATA DE NACEMENTO	RELACIÓN COA PERSOA ASINANTE DECLARACIÓN

Asdo. _____





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

FORMULARIO SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS-ACTIVIDADES DE OCIO, CULTURA E DEPORTES PARA PERSOAS MENORES DE IDADE

Vostede , D^a. /D. _____

DNI _____, declara ser titora/titor de _____

polo tanto, procedemos a informarlle do tratamento de datos de carácter persoal que faremos.

O Responsable de Tratamento dos datos persoais do menor é CONCELLO DE PONTEDEUME, con dirección RUA REAL, 13, 15600 - PONTEDEUME (A CORUÑA); correo@pontedeume.gal.

1.- DPO. O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE PONTEDEUME é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@pontedeume.gal.

2.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para facer partícipe á menor ou o menor da actividade promovida e descrita na presente solicitude, así como a xestión administrativa derivada da mesma. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo que quere solicitar ó CONCELLO DE PONTEDEUME.

- **Uso de fotografías:** Co fin de promover as actividades organizadas polo Concello, gustaríanos que nos autorizase para utilizar as fotografías da persoa menor de idade participante na actividade no noso Facebook e/ou páxina web www.pontedeume.gal. Por favor, marque a opción que se axuste aos permisos que quere darnos:

Si, dou o meu consentimento para que se publiquen as fotografías a través das redes sociais/web

Non dou o meu consentimento para que se publiquen as fotografías a través das redes sociais/web

3.- PRAZO DE CONSERVACIÓN: os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas.

4.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.

5.- DESTINATARIAS/OS CESIÓNS: CONCELLO DE PONTEDEUME cederá os seus datos de carácter persoal á empresa contratada para desenvolver a actividade, coa intención única de prestar o servizo para o que se lle contratou.

6.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O CONCELLO DE PONTEDEUME dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Asdo. : _____

